

ACTO I

Escena IV

(Os personaxes, que representan cargos políticos, están sentados ao redor dunha mesa subida nun estrado. Son catro, mais un deles non intervén, soamente asente coa cabeza todas as intervencións dos compañeiros.)

O resto do piso do escenario segue lixado con restos de botellón, pero en maior cantidade ca na escena anterior. Os personaxes fican calados un anaco, facendo acenos que amosan cavilación profunda e cansazo.)

P2

Cómpre resolver xa.

P1

Espelido, moi espelido. Diga vostede como, home.

P3

Non sei. Por dicir algo: *(Con ton humilde e equilibrado)* e apoiando o transporte?

P1

Explíquese.

P3

A autenticidade do empresariado está hoxe nos transportes, saben? O transporte está en mans de verdadeiros emprendedores, xente acostumada a sobrevivir. Boa parte dela saíu de moi abaixo e foi gabeando e acadando poder. Son a mestura perfecta de laboriosidade, imaxinación e cobiza. Con pouco que reparemos, decatáronos de que en moitos aspectos estamos nas mans dos transportistas. Marcan horarios. Fixan prezos...

P1

Pedinlle que se explicase, non que nos dese un discurso foncho. Iso déixeo para os mitins, por favor.

P3

Quero dicir que, se cadra, suxeríndolles que organizasen traslados ás áreas de divertimento da bisbarra, evitáramos... Comprenden? *(Pausa.)* Habería que subvencionar, claro, para que á rapazada lle saíse case de balde; pero desa maneira *(Fregando as mans de xeito lene e destro.)* arranxáramos o problema.

P2

E calculou vostede o custo da campaña?

P3

Abofé que non. Sexa como for, pensen vostedes no custo que supón actualmente o estrago en fontes, esculturas, mobiliario urbano, xardíns, danos a particulares... E engadan o prexuízo para o comercio en xeral. Coiden que non podemos pechar os ollos ante a deterioración do comercio da cidade. Pensen que o comercio é carto seguro. E hai moito descontento. E que me din da imaxe da cidade? Estamos permitindo que lixen a imaxe que outrora tivo a nosa cidade. *(Amosando vehemencia.)* Porque é nosa, compréndenme? Co que nos custou erguela!

P1

Pare! Pare xa! Está vostede entrando nun estado de tronso perigoso. Ese ton tan sensible dá realmente noxo. Cíngase vostede ao que lle debe preocupar a un membro significado do partido e déixese de choromicadas.

P2

Eu tamén o digo. Cíngase vostede a resolver. Cómpre resolver xa.

P1

(Ollándoo con desprezo.) Iso xa llo oímos, home.

P3

Porfío en que a esperanza está no transporte. No transporte e nas discotecas dos arrabaldes. Hai que sacar esa mocidade da cidade sexa como sexa. Eu convocaríaos a unha reunión. E poñería enriba da mesa esta proposta: os empresarios dos locais de ocio rebaixan prezos e nós subvencionamos o transporte. *(Pausa.)* Iso e mais intervir na redución horaria dos pubs. Así evitaríamos que aqueles que teñen posibilidades económicas se refuxiasen nos pubs unha vez rematado o botellón.

P1

E os cartos? Pense no que pode custar subvencionar o transporte a tres ou catro puntos da provincia.

P2

Iso é o que eu dicía: Atención aos cartos! E hai que meterlle unha boa tallada ao horario dos pubs.

P3

(Dirixíndose a P1, pero botándolle unha ollada desafiante a P2.) Os cartos? Véxoo obsesionado cos cartos. Por que esa teima? Que máis lle ten a vostede?

P1

(Fica un anaco fitando a P3.) Tamén ten razón.

P3

Para que vexa que non son tan delicado. Cal é, de certo, o problema? Dígame, cal é? *(Pausa.)* En que mes andamos?

P2

Hai que resolver, pero xa!

(P1 e P3 ollan a P2, de novo, de forma despectiva.)

P1

Entendo, entendo. As eleccións. O botellón ameaza con nos roubar a maioría absoluta. Sería triste que o que non conseguiu a oposición en tantos anos nolo ripasen catro imberbes.

P2

É urxente resolver.

P3

Iso si, hai que contar coa reacción da hostalaría urbana.

P1

Analizaremos a importancia desas reaccións e contraatacaremos se fai falla.

P2

Aí está! Activaremos as forzas da orde para calar os sectores que se desmanden!

(P1 repite a ollada desafiante a P2.)

P3

Creo que é o camiño. Certo que hai pouco tempo para manobramos. A tales horas xa deberíamos estar ultimando o programa electoral. Ese podería ser o obxectivo bandeira.

P1

Está vostede pensando en...?

P3

Claro: *(Adopta ton didáctico.)* “Erradicación do...”

P1

Acougo, acougo co programa! Todo o que alí se escriba pódese virar contra o partido. Xa vostede sabe o endiañadas que poden resultar as concrecións.

P2

Eu aprobo a proposta. A mala herba, arrincala de raíz!

P1

(Ignorando as palabras de P2 e silabeando.) Xeneralidades, xe-ne-ra-li-da-des! Vostede sabe coma min que na elasticidade do difuso está o trampolín para o éxito.

(Quedan todos ollándose serenamente e facendo aceno de asentimento coa cabeza. A luz esmorece lentamente mentres se volve escoitar a, crescendo, a música enérxica. Na penumbra, o personaxe calado abandona o escenario sixilosamente.)